



RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DAS LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DO POSTO DE COORDINADOR TÉCNICO, COMO PERSOAL TEMPORAL DE ALTA DIRECCIÓN, DE SOCIEDADE DE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA, S.A.

MARÍA DOPORTO SANTOS, Xerente de SOCIEDADE DE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA, S.A (VIPUGAL), facultada polo Consello de Administración da sociedade, na súa sesión de 6 de febreiro de 2026, para aprobar as listas provisionais e definitivas de admitidos e excluídos no proceso selectivo arriba indicado, en virtude da referida atribución de facultades,

RESOLVE:

1.- Aprobar a LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS no proceso selectivo arriba indicado, que se incorpora como anexo á presente resolución.

2.- Publicar a referida lista na páxina web da sociedade, de conformidade co previsto no apartado 7 das bases da convocatoria

3.- Conforme ao establecido no apartado 7 das bases da convocatoria, os interesados disporán de **10 DÍAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte á publicación na web da sociedade do anuncio da aprobación das listas provisionais de admitidos e excluídos, para **presentar as reclamacións, alegacións, subsanacións ou aclaracións que consideren oportunas.**

Transcorrido o prazo antes citado, aprobarase a lista definitiva, o que será publicada na paxina web de VIPUGAL

Lugar e medios de presentación das alegacións, subsanacións, aclaracións, etc, polos interesados:

As alegacións presentaranse no Rexistro de Vipugal (Local 25 Z, 1º andar Area Central CC Polígono de Fontiñas 15707 - Santiago de Compostela), ou remitiranse por correo certificado ás oficinas da sociedade sitas en Área Central, 1º Andar, Local 25Z, Polígono de Fontiñas, 15707, de Santiago de Compostela, indicando no sobre a referencia do posto que aparece nas bases. Neste caso deberá remitirse por mail a seguinte dirección vipugal@vivendapublica.gal, e antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, a solicitude rexistrada e a relación individualizada dos méritos que se aleguen.

A estes efectos a hora de peche do Rexistro será as 14:00 horas. Se coincidira en sábado, domingo ou festivo prorrogarase ata o día hábil seguinte.



SOCIEDADE DE
VIVENDA PÚBLICA
DE GALICIA

E para que así conste, firma dixitalmente o presente documento en Santiago de Compostela na data que figura na firma dixital.

Asdo. María Doporto Santos

Xerente de VIPUGAL

LISTA PROVISIONAL ADMITIDOS

APELIDOS E NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
LÓPEZ BELLÓN, FERNANDO	46896031C	Non se acredita o curso BIM aplicado ás licitacións, que alega o aspirante na relación de méritos a valorar. Para poder baremar este mérito será necesario aportar a acreditación do mesmo. (Apartado 9.1.1 das Bases da Convocatoria)
PARDOS BARRO, ROBERTO	32829509E	Para poder baremar parte da experiencia profesional alegada polo aspirante deberá acreditarse o tempo de duración da mesma mediante certificado de vida laboral, xunto con certificado de empresa, organismo, ente ou administración pública. (apartados 9 e 11 das Bases da Convocatoria).